

A fenda dixital: TIC, NEAE, Inclusión e Equidade / TIC, NEE, Inclusão e Equidade

Gonçalves, D., Fernández Rodríguez, J., Ricoy Lorenzo, M^a C.,

Rodríguez Rodríguez, J., Cid Fernández, X. M. (2018)

Porto: Escola Superior de Educação Paula Frassinetti

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932


Páx. 91

A obra *A fenda dixital: TIC, NEAE, Inclusión e Equidade* recolle unha serie de estudos de investigación levados a cabo en distintos ámbitos educativos, así como noutros espazos coma hospitais e incluso nos propios fogares, amosando ademais unha infinidade de perspectivas, pois colaboran nela profesores, psicólogos, pedagogos, informáticos e outros moitos profesionais de diversos lugares do mundo.

Estes traballos teñen como unha das súas finalidades principais facer un debate sobre as TIC e ver de que xeito se poden adaptar para promover a igualdade dentro do ámbito escolar e para que sexan unha ferramenta de axuda para todo o alumnado en calquera das súas etapas de formación.

Por iso, baixo o expresivo título *A fenda dixital: TIC, NEAE, Inclusión e Equidade*, científicos e investigadores fan as súas diversas e interesantes achegas para dalgún xeito acadar solucións e ver os camiños que se poden seguir para que esa inclusión e a eliminación de barreiras e desigualdades sexan un feito.

Sobre todo trátase de que esa inserción social alcance tamén as persoas con diversidade funcional ou con necesidades educativas especiais, e que poidan empregar o avance tecnolóxico como unha ferramenta máis que lles axude no centro educativo e no traballo.



Con este traballo queda sobradamente comprobado o gran valor dos recursos dixitais e das novas tecnoloxías de comunicación dentro das aulas, xa que son un recurso poderoso e moi válido a nivel pedagóxico, e tamén como xerador de igualdade entre os alumnos e porque fomenta un maior nivel de participación e interacción entre todos.

Polo tanto, esta obra de recopilación de distintas investigacións é un referente de estudo e un manual de consulta para todas aquelas persoas que estean vinculadas coa ensinanza, pero tamén é interesante para os pais, para os propios alumnos, para creadores de videoxogos, entre outros, e senta importantes bases para levar a cabo novas investigacións a partir das reflexións realizadas nestas. Todos eles poderán sacar e achar conclusións positivas para mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe e para que este

sexa máis igualitario e tendamos a unha sociedade máis xusta e sen fendas que afasten e separen os individuos.

En definitiva, a modo de conclusión, destacamos a necesidade dunha educación transversal e aberta ao mundo, sen brechas ou fendas no acceso aos recursos TIC, que na maior parte dos casos son máis ben de carácter social, de recursos e de capital.

Abramos horizontes a unha educación de calidade, baseada en valores, e pechamos desigualdades. Así faremos persoas máis libres. ■

Alberto Sanmiguel Rodríguez